

Año 20

Num.

EXPEDIENTE

238 / 2017 / 137

Negociado

Año

Número



15030 E 238 2017 137

CONCELLO DA CORUÑA

Negociado

PARTICIPACION CIUDADANA Y JUVENTUD

Clasificación del Expediente

EXPEDIENTES VARIOS -> VAR 20/2017

Localización o Dirección de la Actividad

Interesados y Partes Implicadas

Descripción

CESIÓN DE USO DE ESPAZOS NO ANTIGO CÁRCERE PROVINCIAL
DA CORUÑA PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS DE
DINAMIZACIÓN CULTURAL E SOCIOCULTURAL MEDIANTE
CONCORRENCIA COMPETITIVA

Observaciones

Fecha de Solicitud

Fecha de Apertura

10/07/2017

Fecha de Vencimiento

Fecha de Resolución

Referencia Catastral

Fecha y Motivo Terminación

Funcionario Creador

Funcionario Controlador

Signatura

Ubicación

Clasificación

CONCELLARÍA DE PARTICIPACIÓN E INNOVACIÓN DEMOCRÁTICA

Acotada en el libro de Resoluciones de la Junta de Gobierno Local, con el núm: RES/AYT/7366/2017
18/05/2017
El Oficial Mayor
P.O.

RESOLUCIÓN

Visto o informe proposta de data 11 de maio de 2017 emitido pola xefa do Departamento de Xuventude, coa conformidade da directora da Asesoría Xurídica en relación coa aprobación das bases reguladoras da convocatoria pública para a cesión de uso de espazos no antigo cárcere provincial da Coruña para o desenvolvemento de proxectos de dinamización cultural e sociocultural, mediante concorrencia competitiva, e facendo uso das facultades que me confire a Lei 7/85, de 2 de abril e en virtude das delegacións efectuadas pola Xunta de Goberno Local,

RESOLVO:

ÚNICO.- Aprobar as *Bases reguladoras da convocatoria pública para a cesión de uso de espazos no antigo cárcere provincial da Coruña para o desenvolvemento de proxectos de dinamización cultural e sociocultural, mediante concorrencia competitiva*, que se incorporan como anexo formando parte do expediente a todos os efectos e ordenar a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web municipal (<https://www.coruna.gal/>).


A Coruña, 18 MAYO 2017

A Xunta de Goberno Local, pd

A Concelleira de Participación e Innovación democrática



Claudia Delso Carreira



INFORME-PROPOSTA

Con data de 15 de xaneiro de 2017 formalizouse un convenio de colaboración entre o Concello da Coruña e a Sociedade de Infraestruturas e Equipamentos Penitenciarios, S.M.E. (SIEP) para a cesión do dereito de uso sobre a finca do antigo centro penitenciario provincial da Coruña. En virtude deste convenio, a SIEP cedeu con carácter gratuíto ao Concello da Coruña o dereito de uso das citadas instalacións por un período de dous anos, prorrogables anualmente por mutuo acordo das partes. O Concello da Coruña queda obrigado a destinar as instalacións a usos socio-comunitarios e á realización de actividades culturais.

Con este obxectivo redactáronse as *Bases reguladoras da convocatoria pública para a cesión de uso de espazos no antigo cárcere provincial da Coruña para o desenvolvemento de proxectos de dinamización cultural e sociocultural, mediante concorrencia competitiva*. A convocatoria ten como obxecto regular a cesión do uso de espazos no antigo centro penitenciario provincial da Coruña para o desenvolvemento de proxectos inclusivos de dinamización cultural e/ou sociocultural.

A través desta convocatoria preténdese contribuír á recuperación para o uso cidadán dun edificio de características singulares e importante valor simbólico, promover a posta en marcha de modelos innovadores de xestión independente e colaborativa e incrementar a oferta de programas de dinamización e socioculturais da cidade. Entre estes últimos, a convocatoria pon especial énfase naqueles destinados á recuperación da memoria histórica, o apoio e posta en valor dos novos creadores locais e a promoción de actividades que non teñen lugar noutros espazos da cidade con carácter regular.

O órgano competente para a aprobación das bases reguladoras da convocatoria é a Concelleira Delegada de Participación e Innovación Democrática, de conformidade cos acordos de delegación da Xunta de Goberno, adoptados o día 18 de abril de 2017 (BOP 24/04/17).

Á vista do anterior, propónse a adopción da seguinte resolución:


ÚNICO.- Aprobar as *Bases reguladoras da convocatoria pública para a cesión de uso de espazos no antigo cárcere provincial da Coruña para o desenvolvemento de proxectos de dinamización cultural e sociocultural, mediante concorrencia competitiva*, que se incorporan como anexo formando parte do expediente a todos os efectos e ordenar a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web municipal (<https://www.coruna.gal/>).

A Coruña, 11 de maio de 2017

A xefa do Departamento de Xuventude
(Instrución de Servizo 1/2015 de encomenda
de tarefas en materia de participación cidadá)


Gloria M. Díaz Crespo

Conforme,
A directora da Asesoría Xurídica


Marta M. García Pérez

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA CESIÓN DE USO DE ESPAZOS NO ANTIGO CÁRCERE PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS DE DINAMIZACIÓN CULTURAL E SOCIOCULTURAL, MEDIANTE CONCORRENCIA COMPETITIVA

BASE 1. OBXECTO

A presente convocatoria ten como obxecto regular a cesión do uso de espazos no antigo centro penitenciario provincial da Coruña para o desenvolvemento de proxectos inclusivos de dinamización cultural e/ou sociocultural. Con data de 15 de xaneiro de 2017 formalizouse un convenio de colaboración entre o Concello da Coruña e a Sociedade de Infraestructuras y Equipamientos Penitenciarios, S.M.E. (SIEP) para a cesión do dereito de uso sobre a finca do antigo centro penitenciario provincial da Coruña. En virtude deste convenio, a SIEP cedeu con carácter gratuito ao Concello da Coruña o dereito de uso das citadas instalacións por un período de dous anos, prorrogables anualmente por mutuo acordo das partes. O Concello da Coruña queda obrigado a destinar as instalacións a usos sociocomunitarios e á realización de actividades culturais.

A través desta convocatoria preténdese contribuír á recuperación para o uso cidadán dun edificio de características singulares e importante valor simbólico, promover a posta en marcha de modelos innovadores de xestión independente e colaborativa e incrementar a oferta de programas de dinamización e sociocultural da cidade. Entre estes últimos, a convocatoria pon especial énfase naqueles destinados á recuperación da memoria histórica, o apoio e posta en valor dos novos creadores locais e a promoción de actividades que non teñen lugar noutros espazos da cidade con carácter regular.

BASE 2. NORMATIVA APLICABLE

A convocatoria adecúase ao disposto no Regulamento Orgánico de Participación Cidadá do Concello da Coruña, no artigo 233 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das entidades locais, no capítulo II do título IV da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas e no artigo 25 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

BASE 3. ESPAZOS OBXECTO DE CESIÓN

Os espazos obxecto de cesión serán aqueles recollidos no documento anexo I que se xunta a estas bases de convocatoria. Dentro das instalacións habilitadas para uso público, resérvase o espazo detallado no anexo I para uso directo polo Concello da Coruña.

BASE 4. TEMPORALIDADE

4.1. Duración

A cesión de uso dos espazos terá un prazo dun ano, prorrogable anualmente a solicitude do interesado e previo acordo expreso do Concello da Coruña.

4.2. Causas de extinción

O acordo de cesión pode extinguirse por:

- Vencemento do prazo
- Mutuo acordo
- Revogación baseada no incumprimento por parte do cesionario do establecido nas presentes bases ou no proxecto de dinamización proposto
- Resolución xudicial
- Renuncia do cesionario
- Caducidade
- Disolución da entidade cesionaria
- Extinción do dereito que o Concello da Coruña ostente sobre o inmovble
- Causa de interese público apreciada polo Concello da Coruña ao obxecto de destinar o inmovble a outros usos considerados preferentes ou para fins de interese xeral

A extinción da cesión non dará dereito á entidade cesionaria a ningún tipo de indemnización ou compensación económica.

BASE 5. PARTICIPANTES

5.1. Requisitos dos solicitantes

Poderán solicitar a cesión do uso de espazos da antiga Cárcere Provincial aquelas entidades sen ánimo de lucro que reúnan os seguintes requisitos:

- Estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións Coruñesas (REMAC)
- Acreditar o cumprimento dos principios de igualdade e non discriminación, de acordo coa Instrución para a transversalidade de xénero do Concello da Coruña
- Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

5.2. Requisitos dos proxectos de dinamización a desenvolver

Os proxectos de dinamización a desenvolver nos espazos cedidos do antigo Cárcere Provincial deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Contemplan un proxecto de gobernanza que garanta a máxima participación e pluralidade nos procesos de toma de decisión e dinamización das actividades.
- Reservar un mínimo do 40% dos contidos da programación a accións destinadas á recuperación da memoria histórica, o apoio e posta en valor dos novos creadores locais e a promoción de actividades que non teñen lugar noutros espazos da cidade con carácter regular.
- Garantir a apertura ao público durante un mínimo de 104 días ao ano e 4 horas ao día.
- Respetar e contribuír a difusión dos valores da convivencia, a inclusión social, a igualdade entre persoas, o respecto á sustentabilidade ambiental e o comercio xusto.

BASE 6. CONDICIÓN DE USO

6.1. Réxime económico

A cesión realízase a título gratuíto.

A entidade cesionaria poderá cobrar unha tarifa pola participación nas actividades que organice, sempre e cando estas actividades formen parte do seu obxecto social e os ingresos obtidos estean destinados á cobertura dos custos da súa realización.

Serán por cargo da entidade cesionaria todas as obrigas económicas derivadas da xestión dos dereitos de autoría dos participantes e actividades realizadas nas instalacións.

Excepcionalmente, e previa autorización do Concello da Coruña, poderá realizarse a venda de produtos ou establecer servizo de ambigú ou similares por parte de entidades mercantís, no marco de feiras e outros eventos divulgativos.

6.2. Mantemento

Corresponde á entidade cesionaria sufragar os gastos derivados do mantemento ordinario das instalacións. A entidade cesionaria estará obrigada á conservación dos espazos cedidos, respondendo dos danos que poidan ocasionar os seus membros e as persoas usuarias das actividades, ben por acción ou por omisión, efectuando ao seu cargo, previa autorización do Concello da Coruña, as reparacións necesarias.

A entidade cesionaria non poderá realizar nos espazos ningún tipo de obra sen a autorización expresa do Concello da Coruña. As obras ou actuacións realizadas quedarán en beneficio do ben inmovible, sen dereito a percibir ningún tipo de indemnización ou compensación económica pola súa realización.

A contratación e abono dos subministros de electricidade e auga serán por conta do Concello da Coruña.

6.3. Réxime de uso

Conforme ao establecido no convenio de colaboración entre o Concello da Coruña e o SIEP, a cesión de uso estará destinada ao desenvolvemento dun proxecto de dinamización de actividades de carácter cultural, artístico, educativo, sociocultural e lúdico, sen fins comerciais e/ou lucrativos, entendéndose como tales as seguintes:

- Actividades de artes vivas (danza, teatro, circo, música, etc.) tales como presentacións, investigacións, residencias, recitais, concertos ou audicións
- Proxeccións audiovisuais
- Cursos, reunións, talleres, xornadas ou seminarios
- Charlas, conferencias, mesas redondas
- Exposicións
- Actividades recreativas e de animación
- Servizos persoais e sociocomunitarios
- Outros servizos análogos

O Concello da Coruña resérvase o dereito a utilizar os espazos para a programación de actividades propias nos días en que non sexan utilizados ou o seu uso sexa compatible sempre previa coordinación coa entidade cesionarias. A realización das actividades e o seu calendario coordinarase co Concello da Coruña.

O centro deberá permanecer pechado ao público entre as 22:00 e as 08:00 horas. Durante o horario de apertura ao público a entidade cesionaria deberá ter habilitado un sistema de control de entrada.

No interior dos espazos cedidos, e dentro do respecto á autonomía da entidade cesionaria, non se poderán realizar actividades que contraveñan os principios de igualdade das persoas, polo que se prohíbe a realización de actos de carácter violento, que atenten contra a dignidade da persoa ou discriminen a grupos por razón de raza, sexo, relixión, orientación sexual ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Non se poderá realizar nos espazos cedidos ningún tipo de publicidade mercantil, entendendo por publicidade calquera comunicación que teña por obxecto promover, de forma directa ou indirecta, a compravenda de produtos ou contratación de servizos.

Non está permitido o consumo de bebidas alcohólicas para os menores de idade nin o consumo de drogas en ningún caso.

Non está permitido utilizar fornelos nin facer lumes nin barbacoas, no interior e no exterior.

6.4. Outras condicións de uso

A entidade cesionaria será responsable directa dos danos e prexuízos ocasionados a terceiros, causados polas persoas da entidade ou usuarias, ben por acción ou omisión. A entidade cesionaria obrígase a concertar unha póliza de seguros que cubra a responsabilidade civil e os posibles danos ocasionados no inmovible. A entidade cesionaria deberá acreditar o pago da póliza do seguro, cuxos recibos poderán ser requiridos en calquera momento polo Concello da Coruña.

A entidade cesionaria terá todos os dereitos e obrigas inherentes a súa condición de empresaria do persoal a empregar, de acordo coa lexislación laboral e social aplicable, sen que en ningún caso o Concello da Coruña resulte responsable das relacións entre a entidade cesionaria e os seus traballadores.

A entidade cesionaria comprométese a obter cantas licenzas e permisos requira o desenvolvemento das actividades a realizar nas instalacións.

A entidade cesionaria obrígase ao estrito cumprimento da normativa en vigor ou que durante a vixencia da cesión se dite en relación coa prevención de riscos laborais e a seguridade en espectáculos e actividades recreativas.

O Concello da Coruña resérvase a facultade de inspeccionar as instalacións obxecto de cesión para garantir que son usadas de acordo cos termos establecidos nas presentes bases e no proxecto presentado.

A entidade cesionaria poñerá en coñecemento do Concello as incidencias relevantes producidas en relación co uso dos espazos nun prazo non superior ás 24 horas.

A entidade cesionaria presentará trimestralmente unha memoria das actividades realizadas.

6.5. Coordinación e seguimento

Constituirase unha comisión mixta aos efectos do seguimento do acordo de cesión, que estará integrada por tres persoas representantes designadas pola entidade cesionaria e tres designadas polo Concello da Coruña, e que se reunirá cunha periodicidade trimestral.

BASE 7. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

7.1. Lugar

As propostas presentarase, xunto coa documentación requirida, no Rexistro Xeral do Concello da Coruña ou por calquera outro medio previsto no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

7.2. Prazo

O prazo de presentación de propostas será de 45 días naturais, contados a partir do seguinte ao de publicación da convocatoria na páxina web do Concello da Coruña.

BASE 8. DOCUMENTACIÓN

8.1. Documentación administrativa

As entidades interesadas deberán presentar a seguinte documentación administrativa:

- a) Solicitude subscripta pola persoa que represente á entidade.
- b) Copia do NIF da persoa solicitante.
- c) Certificación do acordo do órgano competente da entidade da solicitude da cesión, a aprobación do proxecto de actividades e a manifestación de coñecemento e aceptación do contido das bases da convocatoria.
- d) Copia do NIF da entidade.
- e) Número de Rexistro Municipal de Asociacións Coruñesas (REMAC), estatutos e acta fundacional da entidade.
- f) Certificado do secretario da entidade no que conste o seu número de persoas socias ou afiliadas.
- g) Certificados acreditativos de que a entidade se atopa ao corrente no pago das súas obrigas tributarias co Estado e co Concello da Coruña e ao corrente das súas obrigas fronte á Seguridade Social, ou ben declaración responsable de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
- h) Correo electrónico para comunicacións de trámite e requirimentos de documentación.

8.2. Documentación técnica

As entidades interesadas deberán presentar a seguinte documentación técnica relativa ao proxecto de intervención e de gobernanza :

- a) Título do proxecto.
- b) Proxecto de gobernanza, con indicación dos procesos de toma de decisións, protocolos de funcionamento e medios técnicos e humanos que se van destinar ao desenvolvemento do proxecto.
- c) Proxecto de dinamización, con indicación no proxecto das liñas de traballo ou eixos temáticos xerais da programación de actividades prevista, dos criterios e protocolos propostos para a selección das propostas artísticas e socioculturais a desenvolver, dos mecanismos empregados para a participación doutras entidades, colectivos etc. no proxecto.
- d) Proposta de sistema de avaliación, documentación, arquivo e memoria do proxecto.



- e) Proposta do plan semanal de usos e da proposta de calendario e horarios de apertura.
- f) Proxecto de comunicación, mediación social coa veciñanza.
- g) O modelo de relación co Concello.
- h) Proposta de contribución e difusión dos valores de convivencia, inclusión social, igualdade entre persoas, respecto e solidariedade ambiental e comercio xusto.
- i) Proposta de acondicionamento do edificio (accesibilidade, mobiliario, etc) indicando as fases de intervención e recursos destinados.
- j) Cartas de interese, de terceiras entidades ou colectivos informais, coa manifestación expresa do coñecemento do proxecto de gobernanza e de intervención, do apoio e do compromiso de participación e/ou colaboración.

BASE 9. CRITERIOS DE SELECCIÓN

A selección da entidade cesionaria realizarase en base aos seguintes criterios de adxudicación:

- a) Calidade de proxecto de gobernanza: ata 30 puntos.
- b) Calidade do proxecto de dinamización: ata 30 puntos.
- c) Calidade do sistema de avaliación, documentación, arquivo e memoria do proxecto: ata 10 puntos.
- d) Horario e calendario de apertura ao público: ata 10 puntos.
- e) Calidade do proxecto de comunicación e mediación social: ata 20 puntos.
- f) Orixinalidade na proposta de relación co Concello: ata 10 puntos.
- g) Medios técnicos e humanos destinados ao desenvolvemento do proxecto: ata 15 puntos.
- h) Interese e diversidade de entidades que manifestan o seu compromiso de participación/colaboración no proxecto: ata 15 puntos.
- i) Contribución á difusión dos valores da convivencia, a inclusión social, a igualdade entre persoas, o respecto á sustentabilidade ambiental e ao comercio xusto: ata 20 puntos.
- j) Proposta de acondicionamento do edificio: ata 10 puntos.

BASE 10. COMISIÓN DE VALORACIÓN

Para a avaliación dos proxectos presentados constituirase unha comisión de valoración integrada por un mínimo de tres persoas, que serán designados mediante resolución da Concelleira Delegada de Participación e Innovación Democrática.

BASE 11. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

11.1 Negociación

Cualificada a documentación xeral e emendados os defectos e/ou omisións observados, negociarase con todas as entidades solicitantes admitidas as condicións da cesión, tomando como base as propostas presentadas. Os aspectos que serán obxecto da negociación serán o proxecto de gobernanza, o proxecto de dinamización, a

memoria e a documentación, o plan de comunicación, a proposta de acondicionamento do edificio e a proposta de días e horarios de apertura ao público e a posibilidade de fusionar a proposta coa proposta doutras entidades interesadas.

A comisión de valoración poderá propor a máis de un candidato cando as propostas sexan compatibles e/ou fusionables.

11.2. Adxudicación

A adxudicación da cesión de espazos realizarase mediante resolución da Concelleira Delegada de Participación e Innovación Democrática.

11.3. Prazo de resolución

O prazo máximo de resolución e notificación da resolución é de 45 días naturais, contados a partir da data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. O período utilizado para a emenda de deficiencias e/ou achega de documentos interromperá o citado prazo, ao amparo do establecido no artigo 22 da Lei 39/2015.

A proposta de resolución provisional notificarase na páxina web municipal www.coruna.es e a través de correo electrónico. Concederase un prazo de dez días hábiles para presentar alegacións.

A proposta de resolución definitiva notificarase aos interesados na forma prevista Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

11.4. Formalización

A formalización da cesión de uso e das súas condicións recollerase en documento, iniciándose a partir do día seguinte ao inicio da proposta de dinamización, previa acreditación da formalización da póliza do seguro de responsabilidade civil. A falta de sinatura do documento administrativo de cesión de uso por causa imputable á entidade cesionaria dará lugar á perda.

BASE 12. RECURSOS

A resolución do procedemento poñerá fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses. Non obstante, os interesados poderán, con carácter potestativo, presentar recurso de reposición ante o propio órgano que ditou a resolución no prazo dun mes.

As presentes bases e cantos actos administrativos se deriven delas, poderán ser impugnados polas persoas interesadas nos casos e na forma prevista na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

A Coruña, 11 de maio de 2017

ANUNCIO

CONCELLERÍA DE PARTICIPACIÓN E INNOVACIÓN DEMOCRÁTICA

En cumprimento da Resolución 7365/2017 do 18 de maio fanse públicas as seguintes:

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA CESIÓN DE USO DE ESPAZOS NO ANTIGO CÁRCERE PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS DE DINAMIZACIÓN CULTURAL E SOCIOCULTURAL, MEDIANTE CONCORRENCIA COMPETITIVA

BASE 1. OBXECTO

A presente convocatoria ten como obxecto regular a cesión do uso de espazos no antigo centro penitenciario provincial da Coruña para o desenvolvemento de proxectos inclusivos de dinamización cultural e/ou sociocultural. Con data de 15 de xaneiro de 2017 formalizouse un convenio de colaboración entre o Concello da Coruña e a Sociedade de Infraestructuras y Equipamientos Penitenciarios, S.M.E. (SIEP) para a cesión do dereito de uso sobre a finca do antigo centro penitenciario provincial da Coruña. En virtude deste convenio, a SIEP cedeu con carácter gratuíto ao Concello da Coruña o dereito de uso das citadas instalacións por un período de dous anos, prorrogables anualmente por mutuo acordo das partes. O Concello da Coruña queda obrigado a destinar as instalacións a usos sociocomunitarios e á realización de actividades culturais.

A través desta convocatoria preténdese contribuír á recuperación para o uso cidadán dun edificio de características singulares e importante valor simbólico, promover a posta en marcha de modelos innovadores de xestión independente e colaborativa e incrementar a oferta de programas de dinamización e sociocultural da cidade. Entre estes últimos, a convocatoria pon especial énfase naqueles destinados á recuperación da memoria histórica, o apoio e posta en valor dos novos creadores locais e a promoción de actividades que non teñen lugar noutros espazos da cidade con carácter regular.

BASE 2. NORMATIVA APLICABLE

A convocatoria adecúase ao disposto no Regulamento Orgánico de Participación Cidadá do Concello da Coruña, no artigo 233 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das entidades locais, no capítulo II do título IV da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas e no artigo 25 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

BASE 3. ESPAZOS OBXECTO DE CESIÓN

Os espazos obxecto de cesión serán aqueles recollidos no documento anexo I que se xunta a estas bases de convocatoria. Dentro das instalacións habilitadas para uso público, resérvase o espazo detallado no anexo I para uso directo polo Concello da Coruña

BASE 4. TEMPORALIDADE

4.1. Duración

A cesión de uso dos espazos terá un prazo dun ano, prorrogable anualmente a solicitude do interesado e previo acordo expreso do Concello da Coruña.

4.2. Causas de extinción

O acordo de cesión pode extinguirse por:

- Vencemento do prazo
- Mutuo acordo
- Revogación baseada no incumprimento por parte do cesionario do establecido nas presentes bases ou no proxecto de dinamización proposto
- Resolución xudicial
- Renuncia do cesionario
- Caducidade
- Disolución da entidade cesionaria
- Extinción do dereito que o Concello da Coruña ostente sobre o inmovible
- Causa de interese público apreciada polo Concello da Coruña ao obxecto de destinar o inmovible a outros usos considerados preferentes ou para fins de interese xeral

A extinción da cesión non dará dereito á entidade cesionaria a ningún tipo de indemnización ou compensación económica.

BASE 5. PARTICIPANTES

5.1. Requisitos dos solicitantes

Poderán solicitar a cesión do uso de espazos da antiga Cárcere Provincial aquelas entidades sen ánimo de lucro que reúnan os seguintes requisitos:

- Estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións Coruñesas (REMAC)
- Acreditar o cumprimento dos principios de igualdade e non discriminación, de acordo coa Instrución para a transversalidade de xénero do Concello da Coruña
- Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

5.2. Requisitos dos proxectos de dinamización a desenvolver

Os proxectos de dinamización a desenvolver nos espazos cedidos do antigo Cárcere Provincial deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Contemplan un proxecto de gobernanza que garanta a máxima participación e pluralidade nos procesos de toma de decisión e dinamización das actividades.

- Reservar un mínimo do 40% dos contidos da programación a accións destinadas á recuperación da memoria histórica, o apoio e posta en valor dos novos creadores locais e a promoción de actividades que non teñen lugar noutros espazos da cidade con carácter regular.
- Garantir a apertura ao público durante un mínimo de 104 días ao ano e 4 horas ao día.
- Respetar e contribuír a difusión dos valores da convivencia, a inclusión social, a igualdade entre persoas, o respecto á sustentabilidade ambiental e o comercio xusto.

BASE 6. CONDICIÓN DE USO

6.1. Réxime económico

A cesión realízase a título gratuito.

A entidade cesionaria poderá cobrar unha tarifa pola participación nas actividades que organice, sempre e cando estas actividades formen parte do seu obxecto social e os ingresos obtidos estean destinados á cobertura dos custos da súa realización.

Serán por cargo da entidade cesionaria todas as obrigas económicas derivadas da xestión dos dereitos de autoría dos participantes e actividades realizadas nas instalacións.

Excepcionalmente, e previa autorización do Concello da Coruña, poderá realizarse a venda de produtos ou establecer servizo de ambigú ou similares por parte de entidades mercantís, no marco de feiras e outros eventos divulgativos.

6.2. Mantemento

Corresponde á entidade cesionaria sufragar os gastos derivados do mantemento ordinario das instalacións. A entidade cesionaria estará obrigada á conservación dos espazos cedidos, respondendo dos danos que poidan ocasionar os seus membros e as persoas usuarias das actividades, ben por acción ou por omisión, efectuando ao seu cargo, previa autorización do Concello da Coruña, as reparacións necesarias.

A entidade cesionaria non poderá realizar nos espazos ningún tipo de obra sen a autorización expresa do Concello da Coruña. As obras ou actuacións realizadas quedarán en beneficio do ben inmovible, sen dereito a percibir ningún tipo de indemnización ou compensación económica pola súa realización.

A contratación e abono dos subministros de electricidade e auga serán por conta do Concello da Coruña.

6.3. Réxime de uso

Conforme ao establecido no convenio de colaboración entre o Concello da Coruña e o SIEP, a cesión de uso estará destinada ao desenvolvemento dun proxecto de dinamización de actividades de carácter cultural, artístico, educativo, sociocultural e lúdico, sen fins comerciais e/ou lucrativos, entendéndose como tales as seguintes:

- Actividades de artes vivas (danza, teatro, circo, música, etc.) tales como presentacións, investigacións, residencias, recitais, concertos ou audicións
- Proxeccións audiovisuais
- Cursos, reunións, talleres, xornadas ou seminarios
- Charlas, conferencias, mesas redondas

- Exposicións
- Actividades recreativas e de animación
- Servizos persoais e sociocomunitarios
- Outros servizos análogos

O Concello da Coruña resérvase o dereito a utilizar os espazos para a programación de actividades propias nos días en que non sexan utilizados ou o seu uso sexa compatible sempre previa coordinación coas entidade cesionarias. A realización das actividades e o seu calendario coordinarase co Concello da Coruña.

O centro deberá permanecer pechado ao público entre as 22:00 e as 08:00 horas. Durante o horario de apertura ao público a entidade cesionaria deberá ter habilitado un sistema de control de entrada.

No interior dos espazos cedidos, e dentro do respecto á autonomía da entidade cesionaria, non se poderán realizar actividades que contraveñan os principios de igualdade das persoas, polo que se prohibe a realización de actos de carácter violento, que atenten contra a dignidade da persoa ou discriminen a grupos por razón de raza, sexo, relixión, orientación sexual ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Non se poderá realizar nos espazos cedidos ningún tipo de publicidade mercantil, entendendo por publicidade calquera comunicación que teña por obxecto promover, de forma directa ou indirecta, a compravenda de produtos ou contratación de servizos.

Non está permitido o consumo de bebidas alcohólicas para os menores de idade nin o consumo de drogas en ningún caso.

Non está permitido utilizar fornelos nin facer lumes nin barbacoas, no interior e no exterior.

6.4. Outras condicións de uso

A entidade cesionaria será responsable directa dos danos e prexuízos ocasionados a terceiros, causados polas persoas da entidade ou usuarias, ben por acción ou omisión. A entidade cesionaria obrígase a concertar unha póliza de seguros que cubra a responsabilidade civil e os posibles danos ocasionados no inmovible. A entidade cesionaria deberá acreditar o pago da póliza do seguro, cuxos recibos poderán ser requiridos en calquera momento polo Concello da Coruña.

A entidade cesionaria terá todos os dereitos e obrigas inherentes a súa condición de empresaria do persoal a empregar, de acordo coa lexislación laboral e social aplicable, sen que en ningún caso o Concello da Coruña resulte responsable das relacións entre a entidade cesionaria e os seus traballadores.

A entidade cesionaria comprométese a obter cantas licenzas e permisos requira o desenvolvemento das actividades a realizar nas instalacións.

A entidade cesionaria obrígase ao estrito cumprimento da normativa en vigor ou que durante a vixencia da cesión se dite en relación coa prevención de riscos laborais e a seguridade en espectáculos e actividades recreativas.

O Concello da Coruña resérvase a facultade de inspeccionar as instalacións obxecto de cesión para garantir que son usadas de acordo cos termos establecidos nas presentes bases e no proxecto presentado.

A entidade cesionaria poñerá en coñecemento do Concello as incidencias relevantes producidas en relación co uso dos espazos nun prazo non superior ás 24 horas.

A entidade cesionaria presentará trimestralmente unha memoria das actividades realizadas.

6.5. Coordinación e seguimento

Constituirase unha comisión mixta aos efectos do seguimento do acordo de cesión, que estará integrada por tres persoas representantes designadas pola entidade cesionaria e tres designadas polo Concello da Coruña, e que se reunirá cunha periodicidade trimestral.

BASE 7. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

7.1. Lugar

As propostas presentaranse, xunto coa documentación requirida, no Rexistro Xeral do Concello da Coruña ou por calquera outro medio previsto no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

7.2. Prazo

O prazo de presentación de propostas será de 45 días naturais, contados a partir do seguinte ao de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

BASE 8. DOCUMENTACIÓN

8.1. Documentación administrativa

As entidades interesadas deberán presentar a seguinte documentación administrativa:

- a) Solicitud subscrita pola persoa que represente á entidade.
- b) Copia do NIF da persoa solicitante.
- c) Certificación do acordo do órgano competente da entidade da solicitude da cesión, a aprobación do proxecto de actividades e a manifestación de coñecemento e aceptación do contido das bases da convocatoria.
- d) Copia do NIF da entidade.
- e) Número de Rexistro Municipal de Asociacións Coruñesas (REMAC), estatutos e acta fundacional da entidade.
- f) Certificado do secretario da entidade no que conste o seu número de persoas socias ou afiliadas.
- g) Certificados acreditativos de que a entidade se atopa ao corrente no pago das súas obrigas tributarias co Estado e co Concello da Coruña e ao corrente das súas obrigas fronte á Seguridade Social, ou ben declaración responsable de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
- h) Correo electrónico para comunicacións de trámite e requirimentos de documentación.

8.2. Documentación técnica

As entidades interesadas deberán presentar a seguinte documentación técnica relativa ao proxecto de intervención e de gobernanza :

- a) Título do proxecto.
- b) Proxecto de gobernanza, con indicación dos procesos de toma de decisións, protocolos de funcionamento e medios técnicos e humanos que se van destinar ao desenvolvemento do proxecto.
- c) Proxecto de dinamización, con indicación no proxecto das liñas de traballo ou eixos temáticos xerais da programación de actividades prevista, dos criterios e protocolos propostos para a selección das propostas artísticas e socioculturais a desenvolver, dos mecanismos empregados para a participación doutras entidades, colectivos etc. no proxecto.
- d) Proposta de sistema de avaliación, documentación, arquivo e memoria do proxecto.
- e) Proposta do plan semanal de usos e da proposta de calendario e horarios de apertura.
- f) Proxecto de comunicación, mediación social coa veciñanza.
- g) O modelo de relación co Concello.
- h) Proposta de contribución e difusión dos valores de convivencia, inclusión social, igualdade entre persoas, respecto e solidariedade ambiental e comercio xusto.
- i) Proposta de acondicionamento do edificio (accesibilidade, mobiliario, etc) indicando as fases de intervención e recursos destinados.
- j) Cartas de interese, de terceiras entidades ou colectivos informais, coa manifestación expresa do coñecemento do proxecto de gobernanza e de intervención, do apoio e do compromiso de participación e/ou colaboración.

BASE 9. CRITERIOS DE SELECCIÓN

A selección da entidade cesionaria realizarase en base aos seguintes criterios de adxudicación:

- a) Calidade de proxecto de gobernanza: ata 30 puntos.
- b) Calidade do proxecto de dinamización: ata 30 puntos.
- c) Calidade do sistema de avaliación, documentación, arquivo e memoria do proxecto: ata 10 puntos.
- d) Horario e calendario de apertura ao público: ata 10 puntos.
- e) Calidade do proxecto de comunicación e mediación social: ata 20 puntos.
- f) Orixinalidade na proposta de relación co Concello: ata 10 puntos.
- g) Medios técnicos e humanos destinados ao desenvolvemento do proxecto: ata 15 puntos.
- h) Interese e diversidade de entidades que manifestan o seu compromiso de participación/colaboración no proxecto: ata 15 puntos.
- i) Contribución á difusión dos valores da convivencia, a inclusión social, a igualdade entre persoas, o respecto á sustentabilidade ambiental e ao comercio xusto: ata 20 puntos.
- j) Proposta de acondicionamento do edificio: ata 10 puntos.

BASE 10. COMISIÓN DE VALORACIÓN

Para a avaliación dos proxectos presentados constituirase unha comisión de valoración integrada por un mínimo de tres persoas, que serán designados mediante resolución da Concelleira Delegada de Participación e Innovación Democrática.

BASE 11. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

11.1 Negociación

Cualificada a documentación xeral e emendados os defectos e/ou omisións observados, negociarase con todas as entidades solicitantes admitidas as condicións da cesión, tomando como base as propostas presentadas. Os aspectos que serán obxecto da negociación serán o proxecto de gobernanza, o proxecto de dinamización, a memoria e a documentación, o plan de comunicación, a proposta de acondicionamento do edificio e a proposta de días e horarios de apertura ao público e a posibilidade de fusionar a proposta coa proposta doutras entidades interesadas.

A comisión de valoración poderá propor a máis de un candidato cando as propostas sexan compatibles e/ou fusionables.

11.2. Adxudicación

A adxudicación da cesión de espazos realizarase mediante resolución da Concelleira Delegada de Participación e Innovación Democrática.

11.3. Prazo de resolución

O prazo máximo de resolución e notificación da resolución é de 45 días naturais, contados a partir da data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. O período utilizado para a emenda de deficiencias e/ou achega de documentos interromperá o citado prazo, ao amparo do establecido no artigo 22 da Lei 39/2015.

A proposta de resolución provisional notificarase na páxina web municipal www.coruna.es e a través de correo electrónico. Concederase un prazo de dez días hábiles para presentar alegacións.

A proposta de resolución definitiva notificarase aos interesados na forma prevista Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

11.4. Formalización

A formalización da cesión de uso e das súas condicións recollerase en documento, iniciándose a partir do día seguinte ao inicio da proposta de dinamización, previa acreditación da formalización da póliza do seguro de responsabilidade civil. A falta de sinatura do documento administrativo de cesión de uso por causa imputable á entidade cesionaria dará lugar á perda.

BASE 12. RECURSOS

A resolución do procedemento poñerá fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses. Non obstante, os interesados poderán, con carácter potestativo, presentar recurso de reposición ante o propio órgano que ditou a resolución no prazo dun mes.

As presentes bases e cantos actos administrativos se deriven delas, poderán ser impugnados polas persoas interesadas nos casos e na forma prevista na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.


ANEXO I

<https://www.coruna.gal/participacion>

A Coruña, 11 de maio de 2017

A concelleira de Participación e Innovación Democrática
Asdo. Claudia Delso Carreira





ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Oficialía Mayor

Bases reguladoras da convocatoria pública para cesión de uso de espazos no antigo cárcere provincial da Coruña para o desenvolvemento de proxectos de dinamización cultural e sociocultural, mediante concorrencia competitiva

ANUNCIO

CONCELLERÍA DE PARTICIPACIÓN E INNOVACIÓN DEMOCRÁTICA

En cumprimento da Resolución 7365/2017 do 18 de maio fanse públicas as seguintes:

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA CESIÓN DE USO DE ESPAZOS NO ANTIGO CÁRCERE PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS DE DINAMIZACIÓN CULTURAL E SOCIOCULTURAL, MEDIANTE CONCORRENCIA COMPETITIVA

BASE 1. OBXECTO

A presente convocatoria ten como obxecto regular a cesión do uso de espazos no antigo centro penitenciario provincial da Coruña para o desenvolvemento de proxectos inclusivos de dinamización cultural e/ou sociocultural. Con data de 15 de xaneiro de 2017 formalizouse un convenio de colaboración entre o Concello da Coruña e a Sociedade de Infraestructuras y Equipamientos Penitenciarios, S.M.E. (SIEP) para a cesión do dereito de uso sobre a finca do antigo centro penitenciario provincial da Coruña. En virtude deste convenio, a SIEP cedeu con carácter gratuito ao Concello da Coruña o dereito de uso das citadas instalacións por un período de dous anos, prorrogables anualmente por mutuo acordo das partes. O Concello da Coruña queda obrigado a destinar as instalacións a usos sociocomunitarios e á realización de actividades culturais.

A través desta convocatoria preténdese contribuír á recuperación para o uso cidadán dun edificio de características singulares e importante valor simbólico, promover a posta en marcha de modelos innovadores de xestión independente e colaborativa e incrementar a oferta de programas de dinamización e sociocultural da cidade. Entre estes últimos, a convocatoria pon especial énfase naqueles destinados á recuperación da memoria histórica, o apoio e posta en valor dos novos creadores locais e a promoción de actividades que non teñen lugar noutros espazos da cidade con carácter regular.

BASE 2. NORMATIVA APLICABLE

A convocatoria adecúase ao disposto no Regulamento Orgánico de Participación Cidadá do Concello da Coruña, no artigo 233 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das entidades locais, no capítulo II do título IV da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas e no artigo 25 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

BASE 3. ESPAZOS OBXECTO DE CESIÓN

Os espazos obxecto de cesión serán aqueles recollidos no documento anexo I que se xunta a estas bases de convocatoria. Dentro das instalacións habilitadas para uso público, resérvase o espazo detallado no anexo I para uso directo polo Concello da Coruña

BASE 4. TEMPORALIDADE

4.1. Duración

A cesión de uso dos espazos terá un prazo dun ano, prorrogable anualmente a solicitude do interesado e previo acordo expreso do Concello da Coruña.

4.2. Causas de extinción

O acordo de cesión pode extinguirse por:

- Vencemento do prazo
- Mutuo acordo
- Revogación baseada no incumprimento por parte do cesionario do establecido nas presentes bases ou no proxecto de dinamización proposto

- Resolución xudicial
- Renuncia do cesionario
- Caducidade
- Disolución da entidade cesionaria
- Extinción do dereito que o Concello da Coruña ostente sobre o inmovble
- Causa de interese público apreciada polo Concello da Coruña ao obxecto de destinar o inmovble a outros usos considerados preferentes ou para fins de interese xeral

A extinción da cesión non dará dereito á entidade cesionaria a ningún tipo de indemnización ou compensación económica.

BASE 5. PARTICIPANTES

5.1. Requisitos dos solicitantes

Poderán solicitar a cesión do uso de espazos da antiga Cárcere Provincial aquelas entidades sen ánimo de lucro que reúnan os seguintes requisitos:

- Estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións Coruñesas (REMAC)
- Acreditar o cumprimento dos principios de igualdade e non discriminación, de acordo coa Instrución para a transversalidade de xénero do Concello da Coruña
- Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

5.2. Requisitos dos proxectos de dinamización a desenvolver

Os proxectos de dinamización a desenvolver nos espazos cedidos do antigo Cárcere Provincial deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Contemplan un proxecto de gobernanza que garanta a máxima participación e pluralidade nos procesos de toma de decisión e dinamización das actividades.
- Reservar un mínimo do 40% dos contidos da programación a accións destinadas á recuperación da memoria histórica, o apoio e posta en valor dos novos creadores locais e a promoción de actividades que non teñen lugar noutros espazos da cidade con carácter regular.
- Garantir a apertura ao público durante un mínimo de 104 días ao ano e 4 horas ao día.
- Respetar e contribuír a difusión dos valores da convivencia, a inclusión social, a igualdade entre persoas, o respecto á sustentabilidade ambiental e o comercio xusto.

BASE 6. CONDICIÓN DE USO

6.1. Réxime económico

A cesión realízase a título gratuito.

A entidade cesionaria poderá cobrar unha tarifa pola participación nas actividades que organice, sempre e cando estas actividades formen parte do seu obxecto social e os ingresos obtidos estean destinados á cobertura dos custos da súa realización.

Serán por cargo da entidade cesionaria todas as obrigas económicas derivadas da xestión dos dereitos de autoría dos participantes e actividades realizadas nas instalacións.

Excepcionalmente, e previa autorización do Concello da Coruña, poderá realizarse a venda de produtos ou establecer servizo de ambigü ou similares por parte de entidades mercantís, no marco de feiras e outros eventos divulgativos.

6.2. Mantemento

Corresponde á entidade cesionaria sufragar os gastos derivados do mantemento ordinario das instalacións. A entidade cesionaria estará obrigada á conservación dos espazos cedidos, respondendo dos danos que poidan ocasionar os seus membros e as persoas usuarias das actividades, ben por acción ou por omisión, efectuando ao seu cargo, previa autorización do Concello da Coruña, as reparacións necesarias.

A entidade cesionaria non poderá realizar nos espazos ningún tipo de obra sen a autorización expresa do Concello da Coruña. As obras ou actuacións realizadas quedarán en beneficio do ben inmovble, sen dereito a percibir ningún tipo de indemnización ou compensación económica pola súa realización.

A contratación e abono dos subministros de electricidade e auga serán por conta do Concello da Coruña.

6.3. Réxime de uso

Conforme ao establecido no convenio de colaboración entre o Concello da Coruña e o SIEP, a cesión de uso estará destinada ao desenvolvemento dun proxecto de dinamización de actividades de carácter cultural, artístico, educativo, sociocultural e lúdico, sen fins comerciais e/ou lucrativos, entendéndose como tales as seguintes:

- Actividades de artes vivas (danza, teatro, circo, música, etc.) tales como presentacións, investigacións, residencias, recitais, concertos ou audicións
- Proxeccións audiovisuais
- Cursos, reunións, talleres, xornadas ou seminarios
- Charlas, conferencias, mesas redondas
- Exposicións
- Actividades recreativas e de animación
- Servizos persoais e sociocomunitarios
- Outros servizos análogos

O Concello da Coruña resérvase o dereito a utilizar os espazos para a programación de actividades propias nos días en que non sexan utilizados ou o seu uso sexa compatible sempre previa coordinación coa entidade cesionarias. A realización das actividades e o seu calendario coordinarase co Concello da Coruña.

O centro deberá permanecer pechado ao público entre as 22:00 e as 08:00 horas. Durante o horario de apertura ao público a entidade cesionaria deberá ter habilitado un sistema de control de entrada.

No interior dos espazos cedidos, e dentro do respecto á autonomía da entidade cesionaria, non se poderán realizar actividades que contraveñan os principios de igualdade das persoas, polo que se prohibe a realización de actos de carácter violento, que atenten contra a dignidade da persoa ou discriminen a grupos por razón de raza, sexo, relixión, orientación sexual ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Non se poderá realizar nos espazos cedidos ningún tipo de publicidade mercantil, entendendo por publicidade calquera comunicación que teña por obxecto promover, de forma directa ou indirecta, a compravenda de produtos ou contratación de servizos.

Non está permitido o consumo de bebidas alcohólicas para os menores de idade nin o consumo de drogas en ningún caso.

Non está permitido utilizar fornelos nin facer lumes nin barbacoas, no interior e no exterior.

6.4. Outras condicións de uso

A entidade cesionaria será responsable directa dos danos e prexuízos ocasionados a terceiros, causados polas persoas da entidade ou usuarias, ben por acción ou omisión. A entidade cesionaria obrígase a concertar unha póliza de seguros que cubra a responsabilidade civil e os posibles danos ocasionados no inmovible. A entidade cesionaria deberá acreditar o pago da póliza do seguro, cuxos recibos poderán ser requiridos en calquera momento polo Concello da Coruña.

A entidade cesionaria terá todos os dereitos e obrigas inherentes a súa condición de empresaria do persoal a empregar, de acordo coa lexislación laboral e social aplicable, sen que en ningún caso o Concello da Coruña resulte responsable das relacións entre a entidade cesionaria e os seus traballadores.

A entidade cesionaria comprométese a obter cantas licenzas e permisos requira o desenvolvemento das actividades a realizar nas instalacións.

A entidade cesionaria obrígase ao estrito cumprimento da normativa en vigor ou que durante a vixencia da cesión se dite en relación coa prevención de riscos laborais e a seguridade en espectáculos e actividades recreativas.

O Concello da Coruña resérvase a facultade de inspeccionar as instalacións obxecto de cesión para garantir que son usadas de acordo cos termos establecidos nas presentes bases e no proxecto presentado.

A entidade cesionaria poñerá en coñecemento do Concello as incidencias relevantes producidas en relación co uso dos espazos nun prazo non superior ás 24 horas.

A entidade cesionaria presentará trimestralmente unha memoria das actividades realizadas.

6.5. Coordinación e seguimento

Constituirase unha comisión mixta aos efectos do seguimento do acordo de cesión, que estará integrada por tres persoas representantes designadas pola entidade cesionaria e tres designadas polo Concello da Coruña, e que se reunirá cunha periodicidade trimestral.

BASE 7. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

7.1. Lugar

As propostas presentaranse, xunto coa documentación requirida, no Rexistro Xeral do Concello da Coruña ou por calquera outro medio previsto no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

7.2. Prazo

O prazo de presentación de propostas será de 45 días naturais, contados a partir do seguinte ao de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

BASE 8. DOCUMENTACIÓN

8.1. Documentación administrativa

As entidades interesadas deberán presentar a seguinte documentación administrativa:

- a) Solicitud subscrita pola persoa que represente á entidade.
- b) Copia do NIF da persoa solicitante.
- c) Certificación do acordo do órgano competente da entidade da solicitude da cesión, a aprobación do proxecto de actividades e a manifestación de coñecemento e aceptación do contido das bases da convocatoria.
- d) Copia do NIF da entidade.
- e) Número de Rexistro Municipal de Asociacións Coruñesas (REMAC), estatutos e acta fundacional da entidade.
- f) Certificado do secretario da entidade no que conste o seu número de persoas socias ou afiliadas.
- g) Certificados acreditativos de que a entidade se atopa ao corrente no pago das súas obrigas tributarias co Estado e co Concello da Coruña e ao corrente das súas obrigas fronte á Seguridade Social, ou ben declaración responsable de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
- h) Correo electrónico para comunicacións de trámite e requirimentos de documentación.

8.2. Documentación técnica

As entidades interesadas deberán presentar a seguinte documentación técnica relativa ao proxecto de intervención e de gobernanza :

- a) Título do proxecto.
- b) Proxecto de gobernanza, con indicación dos procesos de toma de decisións, protocolos de funcionamento e medios técnicos e humanos que se van destinar ao desenvolvemento do proxecto.
- c) Proxecto de dinamización, con indicación no proxecto das liñas de traballo ou eixos temáticos xerais da programación de actividades prevista, dos criterios e protocolos propostos para a selección das propostas artísticas e socioculturais a desenvolver, dos mecanismos empregados para a participación doutras entidades, colectivos etc. no proxecto.
- d) Proposta de sistema de avaliación, documentación, arquivo e memoria do proxecto.
- e) Proposta do plan semanal de usos e da proposta de calendario e horarios de apertura.
- f) Proxecto de comunicación, mediación social coa veciñanza.
- g) O modelo de relación co Concello.
- h) Proposta de contribución e difusión dos valores de convivencia, inclusión social, igualdade entre persoas, respecto e solidariedade ambiental e comercio xusto.
- i) Proposta de acondicionamento do edificio (accesibilidade, mobiliario, etc) indicando as fases de intervención e recursos destinados.
- j) Cartas de interese, de terceiras entidades ou colectivos informais, coa manifestación expresa do coñecemento do proxecto de gobernanza e de intervención, do apoio e do compromiso de participación e/ou colaboración.

BASE 9. CRITERIOS DE SELECCIÓN

A selección da entidade cesionaria realizarase en base aos seguintes criterios de adxudicación:

- a) Calidade de proxecto de gobernanza: ata 30 puntos.
- b) Calidade do proxecto de dinamización: ata 30 puntos.
- c) Calidade do sistema de avaliación, documentación, arquivo e memoria do proxecto: ata 10 puntos.
- d) Horario e calendario de apertura ao público: ata 10 puntos.
- e) Calidade do proxecto de comunicación e mediación social: ata 20 puntos.
- f) Orixinalidade na proposta de relación co Concello: ata 10 puntos.
- g) Medios técnicos e humanos destinados ao desenvolvemento do proxecto: ata 15 puntos.
- h) Interese e diversidade de entidades que manifestan o seu compromiso de participación/colaboración no proxecto: ata 15 puntos.
- i) Contribución á difusión dos valores da convivencia, a inclusión social, a igualdade entre persoas, o respecto á sustentabilidade ambiental e ao comercio xusto: ata 20 puntos.
- j) Proposta de acondicionamento do edificio: ata 10 puntos.

BASE 10. COMISIÓN DE VALORACIÓN

Para a avaliación dos proxectos presentados constituirase unha comisión de valoración integrada por un mínimo de tres persoas, que serán designados mediante resolución da Concelleira Delegada de Participación e Innovación Democrática.

BASE 11. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

11.1 Negociación

Cualificada a documentación xeral e emendados os defectos e/ou omisións observados, negociarase con todas as entidades solicitantes admitidas as condicións da cesión, tomando como base as propostas presentadas. Os aspectos que serán obxecto da negociación serán o proxecto de gobernanza, o proxecto de dinamización, a memoria e a documentación, o plan de comunicación, a proposta de acondicionamento do edificio e a proposta de días e horarios de apertura ao público e a posibilidade de fusionar a proposta coa proposta doutras entidades interesadas.

A comisión de valoración poderá propor a máis de un candidato cando as propostas sexan compatibles e/ou fusionables.

11.2. Adxudicación

A adxudicación da cesión de espazos realizarase mediante resolución da Concelleira Delegada de Participación e Innovación Democrática.

11.3. Prazo de resolución

O prazo máximo de resolución e notificación da resolución é de 45 días naturais, contados a partir da data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. O período utilizado para a emenda de deficiencias e/ou achega de documentos interromperá o citado prazo, ao amparo do establecido no artigo 22 da Lei 39/2015.

A proposta de resolución provisional notificarase na páxina web municipal www.coruna.es e a través de correo electrónico. Concederase un prazo de dez días hábiles para presentar alegacións.

A proposta de resolución definitiva notificarase aos interesados na forma prevista Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

11.4. Formalización

A formalización da cesión de uso e das súas condicións recollerase en documento, iniciándose a partir do día seguinte ao inicio da proposta de dinamización, previa acreditación da formalización da póliza do seguro de responsabilidade civil. A falta de sinatura do documento administrativo de cesión de uso por causa imputable á entidade cesionaria dará lugar á perda.

BASE 12. RECURSOS

A resolución do procedemento poñerá fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses. Non obstante, os interesados poderán, con carácter potestativo, presentar recurso de reposición ante o propio órgano que ditou a resolución no prazo dun mes.

As presentes bases e cantos actos administrativos se deriven delas, poderán ser impugnados polas persoas interesadas nos casos e na forma prevista na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

ANEXO I

<https://www.coruna.gal/participacion>

A Coruña, 19 de maio de 2017

A concelleira de Participación e Innovación Democrática

Asdo. Claudia Delso Carreira

2017/4232

Detalle

Inicio Convocatoria para la cesión de uso de varios espacios en la antigua cárcel provincial

Convocatoria para la cesión de uso de varios espacios en la antigua cárcel provincial



Cuándo:

Desde el 24/05/2017 hasta el 08/07/2017

Publicación en el BOP núm. 96 del 24 de mayo de 2017

Página web:

www.coruna.es/participacion

Contacto:

Concellaría de Participación e Innovación Democrática

Tlf.: 981 184 255

participacion@coruna.es

Documentos:

Bases reguladoras de la convocatoria pública para la cesión de uso de espacios en la antigua cárcel p

Convocatoria pública

CONVOCATORIA PARA LA CESIÓN DE USO DE VARIOS ESPACIOS EN LA ANTIGUA CÁRCEL PROVINCIAL

El Ayuntamiento de A Coruña, a través de las concejalías de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda Participación e Innovación Democrática publica unas bases para la convocatoria, en concurrencia con espacios en la Antigua Cárcel Provincial.

La convocatoria está dirigida a entidades sin ánimo de lucro registradas en el REMAC y tiene como objetivo cultural y sociocultural poniendo especial relevancia en la recuperación de la memoria histórica, en el fomento de creadores locales y la promoción de actividades que no tienen lugar en otros espacios de la ciudad de A Coruña.

El plazo de presentación de propuestas será de 45 días naturales a partir de la publicación de esta convocatoria.

BOP núm. 96 del 24 de mayo de 2017

Bases reguladoras de la convocatoria pública para cesión de uso de espacios en la antigua cárcel provincial para proyectos de dinamización cultural y sociocultural, mediante concurrencia competitiva

Proposta en el libro de legislaciones de
la Junta de Gobierno Local,
con el núm: RES/AYI 0070/2017
28/06/2017
El Oficial Mayor
P.O.

RESOLUCIÓN:

Á vista do informe-proposta precedente emitido pola xefa do departamento de Xuventude e facendo uso das facultades que me confire a Disposición Adicional Segunda do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, e os acordos de delegación da Xunta de Goberno Local de data 18 de abril de 2017 (BOP 24-4-2017):

HE RESOLTO:

Designar como integrantes da Comisión para a valoración das ofertas presentadas á convocatoria pública para a cesión de uso de espazos na antiga cárcere provincial da Coruña para o desenvolvemento de proxectos de dinamización cultural e sociocultural, mediante concorrencia competitiva de conformidade co establecido na base 10ª das reguladoras desta convocatoria, ás seguintes persoas adscritas ás áreas de Participación e Innovación Democrática, Culturas e Edificación respectivamente:

- Ana Enríquez Campesino
- Miguel Ángel Martín Fernández
- Alberto Manuel Vázquez Aguilar

A Coruña, 26 de xuño de 2017

A Concelleira de Participación e
Innovación Democrática


Claudia Delso Carreira

Asunto: NOMEAMENTO DA COMISIÓN PARA A VALORACIÓN DAS PROPOSTAS PRESENTADAS Á CONVOCATORIA PÚBLICA PARA CESIÓN DE USO DE ESPAZOS NA ANTIGA CÁRCERE PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS DE DINAMIZACIÓN CULTURAL E SOCIOCULTURAL, MEDIANTE CONCORRENCIA COMPETITIVA

Informe-proposta:

Con data 18 de maio de 2017, a Concelleira de Participación e Innovación Democrática, resolveu aprobar as bases reguladoras da convocatoria pública para a cesión de uso de espazos na antiga cárcere provincial da Coruña para o desenvolvemento de proxectos de dinamización cultural e sociocultural, mediante concorrência competitiva que foron publicadas no BOP de 24/05/2017.

Na base 10ª titulada "Comisión de valoración" establécese que para a avaliación dos proxectos presentados constituirase unha comisión de valoración integrada por un mínimo de tres persoas, que serán designados mediante resolución da Concelleira Delegada de Participación e Innovación Democrática.

Polo tanto procede o nomeamento da comisión de valoración para as propostas presentadas á convocatoria pública para a cesión de uso de espazos na antiga cárcere provincial da Coruña para o desenvolvemento de proxectos de dinamización cultural e sociocultural, mediante concorrência competitiva, que estará integrada polas seguintes persoas adscritas ás áreas de Participación e Innovación Democrática, Culturas e Edificación respectivamente:

- Ana Enríquez Campesino
- Miguel Ángel Martín Fernández
- Alberto Manuel Vázquez Aguilar

Os acordos que se adopten son competencia da Xunta de Goberno Local a tenor do disposto na Disposición Adicional Segunda do TRLCSP, competencia que foi delegada por acordo de 18 de abril de 2017 (BOP 24-4-2017):


En consecuencia, proponse a adopción da seguinte resolución:

Designar como integrantes da Comisión para a valoración das ofertas presentadas á convocatoria pública para a cesión de uso de espazos na antiga cárcere provincial da Coruña para o desenvolvemento de proxectos de dinamización cultural e sociocultural, de conformidade co establecido na base 10ª das bases reguladoras da convocatoria pública para a cesión de uso de espazos na antiga cárcere provincial da Coruña para o desenvolvemento de proxectos de dinamización cultural e sociocultural, mediante concorrência competitiva ás seguintes persoas adscritas ás áreas de Participación e Innovación Democrática, Culturas e Edificación respectivamente:

- Ana Enríquez Campesino
- Miguel Ángel Martín Fernández
- Alberto Manuel Vázquez Aguilar:

A Coruña, 26 de xuño de 2017
A xefa do departamento de Xuventude
(Instrucción de Servizo 1/2015 de encomenda
de tarefas en materia de participación cidadá)

Gloria Mª Díaz Crespo



Asunto: informe de valoración dos proxectos presentados á convocatoria pública para cesión de uso de espazos no antigo cárcere provincial

Mediante resolución 7365/2017 da Concelleira de Participación e Innovación Democrática aprobáronse as bases reguladoras da convocatoria pública para a cesión de uso de espazos no antigo cárcere provincial da Coruña para o desenvolvemento de proxectos de dinamización cultural e sociocultural, mediante concorrencia competitiva. A base 9ª establece que os criterios de selección da entidade cesionaria serán os seguintes:

- a) Calidade de proxecto de gobernanza: ata 30 puntos
- b) Calidade do proxecto de dinamización: ata 30 puntos
- c) Calidade do sistema de avaliación, documentación, arquivo e memoria do proxecto: ata 10 puntos
- d) Horario e calendario de apertura ao público: ata 10 puntos
- e) Calidade do proxecto de comunicación e mediación social: ata 20 puntos
- f) Orixinalidade na proposta de relación co Concello: ata 10 puntos
- g) Medios técnicos e humanos destinados ao desenvolvemento do proxecto: ata 15 puntos
- h) Interese e diversidade de entidades que manifestan o seu compromiso de participación/colaboración no proxecto: ata 15 puntos
- i) Contribución á difusión dos valores da convivencia, a inclusión social, a igualdade entre persoas, o respecto á sustentabilidade ambiental e ao comercio xusto: ata 20 puntos
- j) Proposta de acondicionamento do edificio: ata 10 puntos

A base 10ª establece que se constituirá unha comisión de valoración para avaliación dos proxectos presentados que estará integrada por un mínimo de tres persoas designadas mediante resolución da Concelleira de Participación e Innovación Democrática. Mediante resolución 9695/2017 da Concelleira de Participación e Innovación Democrática nomeáronse as seguintes persoas:

- 1º Ana Enríquez Campesino
- 2º Miguel Ángel Martín Fernández
- 3º Alberto Manuel Vázquez Aguilar

Por último, a base 11ª establece que cualificada a documentación xeral e emendados os defectos e/ou omisións observados, negociarase con todas as entidades solicitantes admitidas as condicións da cesión, tomando como base as propostas presentadas. Os aspectos que serán obxecto da negociación serán o proxecto de gobernanza, o proxecto de dinamización, a memoria e a documentación, o plan de comunicación, a proposta de acondicionamento do edificio e a proposta de días e horarios de apertura ao público e a posibilidade de fusionar a proposta coa proposta doutras entidades interesadas.

Finalizado o prazo, as propostas presentadas foron as seguintes:

- 1º Club Deportivo As Brigantías Roller Derby A Coruña
- 2º Asociación Sociocultural Proxecto Cárcere

Unha vez analizada a documentación presentada, a comisión de valoración mantivo unha reunión de traballo con cada unha das entidades a efectos de negociar as condicións da cesión establecidas nas propostas presentadas e mellorar a súa adecuación aos requisitos establecidos nas bases da convocatoria. Na dita reunión, puxéronse igualmente de manifesto e clarificáronse todas aquelas especificacións recollidas nas bases da convocatoria que puidesen dar lugar a dúbidas na súa interpretación.

Da análise das dúas propostas, a comisión considera que a de maior calidade no seu conxunto e a que mellor se adecúa ao solicitado nas bases da convocatoria é a presentada por Asociación Sociocultural Proxecto Cárcere. Destaca da súa proposta a calidade do proxecto de gobernanza, o interese e diversidade das entidades que manifestan o seu compromiso de participación ou colaboración no proxecto, a súa contribución á difusión dos valores da convivencia, a inclusión social, a igualdade entre persoas, o respecto á sustentabilidade ambiental e ao comercio xusto e a súa proposta de acondicionamento do edificio. A comisión valorou o seu proxecto cun total de 134 puntos.

A proposta presentada polo Club Deportivo As Brigantias Roller Derby A Coruña, mais aló de ter un nivel de desenvolvemento e detalle menor, non se adapta de forma suficiente ás finalidades establecidas na convocatoria, especialmente no relativo á idea de dinamización cultural e sociocultural, á garantía de máxima participación e pluralidade e aos usos preferentes do equipamento. Ademais, no proceso de negociación púxose de manifesto que as instalacións obxecto da cesión non se adecúan ás necesidades das actividades que se propón realizar. Con todo, a comisión valora o esforzo realizado pola entidade para introducir na programación os valores da convivencia, a inclusión social e a igualdade entre persoas, especialmente en relación coas cuestións de xénero. A comisión valorou o seu proxecto cun total de 46 puntos.

O detalle das puntuacións outorgadas a cada unha das entidades en relación con cada un dos criterios de adxudicación é o seguinte:

Asociación Sociocultural Proxecto Cárcere

CRITERIO	VALORACIÓN	PUNT.
Calidade do proxecto de gobernanza	O proxecto para a gobernanza e xestión dos espazos do cárcere está moi ben estruturado, optando por un modelo mancomunado baseado na autoxestión e na toma de decisións participada a través dunha Asemblea Xeral que representa á comunidade e comisións ou grupos de traballo sectoriais. A metodoloxía e os procesos de toma de decisións están ben argumentados, propoñendo un código ético que deberá respectarse. Os puntos febles detectados na proposta, contemplados e corrixidos algún deles na proposta de mellora, son os referidos ao apartado de financiamento (cobro de taxas ou cotas pola participación en actividades, pero non pola utilización dos propios espazos) e a prioridade outorgada pola Asemblea á proxectos e actividades propostas por entidades, colectivos ou persoas integradas e implicadas no Proxecto Cárcere.	25
Calidade do proxecto de dinamización	A proposta de utilización dos espazos ten o punto forte principal de ser totalmente polivalentes, coa implantación dunha biblioteca no panóptico, aínda que incluso a biblioteca poderá ser utilizada para outras actividades. Moi acertada é tamén a categorización dos diferentes usos que establecen na proposta, en función das actividades. Valórase tamén moi positivamente o establecemento dunha Escola de Formación. Detéctanse algúns puntos febles na dinamización de espazos no que se refire aos usos dun espazo tan representativo como	20

	o patio, aínda que se especifica que será polivalente.	
Calidade do sistema de avaliación, documentación, arquivo e memoria do proxecto	O sistema de avaliación é moi positivo, aportando distintas ferramentas físicas e on-line, e dotando a Asemblea dunha función especial como espazo de valoración. Establécense avaliacións periódicas en función de criterios previamente fixados.	10
Horario e calendario de apertura ao público	A proposta, no documento de melloras, cumpre os requisitos establecidos nas bases, ampliando o tempo de apertura a 260 días ao ano (5 días á semana), en horario de 16:00 h a 22:00 h	10
Calidade do proxecto de comunicación e mediación social	A proposta de comunicación e difusión é correcta, utilizando diversidade de medios, dando prioridade ás redes sociais e internet, así como a sistemas de comunicación directa con entidades, colectivos e a rede de Centros Cívicos. Como puntos febles da proposta sinálase a que os recursos de difusión se centran maioritariamente no barrio de Monte Alto, a súa veciñanza e entidades, chegando moito menos a outros barrios da cidade.	15
Orixinalidade na proposta de relación co Concello	A proposta de relación co Concello é unha proposta de mínimos, que cumpre os requisitos contemplados nas bases, sen engadir outro sistema de relación bilateral co equipo coordinador municipal.	4
Medios técnicos e humanos destinados ao desenvolvemento do proxecto	Non se inclúe no proxecto unha relación clara e detallada das persoas que traballarán no desenvolvemento do proxecto. Bótase en falta información específica acerca da formación e experiencia profesional das persoas que estarán no día a día na xestión e organización dos espazos.	5
Interese e diversidade de entidades que manifestan o seu compromiso de participación/colaboración no proxecto	Apórtanse un total de 19 cartas de adhesión ao proxecto asinadas por entidades e colectivos de diversa natureza, dende asociacións culturais, ONGs como Arquitectura sen Fronteiras, a Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña, ou entidades medioambientalistas como o Grupo Naturalista Hábitat.	15
Contribución á difusión dos valores da convivencia, a inclusión social, a igualdade entre persoas, o respecto á sustentabilidade ambiental e ao comercio xusto	Toda a proposta, en todos os apartados, aporta elementos para a difusión destes valores, nomeadamente a igualdade entre persoas, tendo en conta a perspectiva de xénero en moitos dos sistemas de xestión. O fomento dos valores de convivencia está plenamente presente no modelo mancomunado proposto, baseado nas relacións interpersoais a distintos niveis.	20
Proposta de acondicionamento do edificio	Presentan unha proposta detallada de todas as actuacións de mellora das instalacións que sería necesario abordar, con especial atención a aquelas dirixidas a garantir a accesibilidade das persoas con mobilidade reducida, aquelas dirixidas a mellorar as condicións de seguridade e aquelas outras que contribuirían a mellorar as condicións de habitabilidade.	10
PUNTUACIÓN TOTAL		134

Club Deportivo As Brigantias Roller Derby A Coruña

CRITERIO	VALORACIÓN	PUNT.
Calidade do proxecto de gobernanza	Como toda a proposta en xeral, o proxecto de gobernanza é excesivamente sinxelo, indicando só unha estrutura horizontal e a formación de varios comités, co que non é posible deducir exactamente cal será a maneira en que se organizará a xestión do Cárcere.	5
Calidade do proxecto de dinamización	O proxecto de dinamización redúcese a unha proposta de uso do Cárcere como espazo de adestramento da actividade principal da entidade: a práctica de Roller Derby, ao que se engade a programación doutras actividades relacionadas co deporte feminino: charlas, exposicións etc.. Valórase positivamente é a proposta de crear un espazo de encontro para os deportes femininos.	15
Calidade do sistema de avaliación, documentación, arquivo e memoria do proxecto	O sistema de avaliación proposto e igualmente, demasiado xeral e pouco específico, apuntando só á utilización dalgún sistema de avaliación cuantitativa e á mera observación.	5
Horario e calendario de apertura ao público	A proposta non inclúe un calendario de usos e unicamente apunta a apertura do centro a partir das 19:30 h de luns a venres.	0
Calidade do proxecto de comunicación e mediación social	Só se propón facer dinamización en Monte Alto, e coas asociacións veciñais e de forma xenérica, sen especificar que accións se levarían a cabo.	3
Orixinalidade na proposta de relación co Concello	Unicamente se indican as canles de comunicación a empregar: teléfono, E-mail e reunións.	3
Medios técnicos e humanos destinados ao desenvolvemento do proxecto	Non se detallan nin medios humanos nin recursos técnicos para levar a cabo o proxecto.	0
Interese e diversidade de entidades que manifestan o seu compromiso de participación/colaboración no proxecto	A proposta carece de cartas de adhesión doutras entidades ao seu proxecto.	0
Contribución á difusión dos valores da convivencia, a inclusión social, a igualdade entre persoas, o respecto á sustentabilidade ambiental e ao comercio xusto	A proposta ten en conta nomeadamente a perspectiva de xénero na súa formulación. Está centrada na promoción e a defensa do deporte de equipo feminino. Do mesmo xeito, promoven un clima acolledor e integrador para persoas de diferentes identidades sexuais.	12
Proposta de acondicionamento do edificio	A proposta precisa que é necesario habilitar un espazo interior cunha superficie non agresiva ao contacto (parqué, baldosa ou cemento pulido). A obra debería correr a cargo do Concello da Coruña e a entidade aportaría o marcaxe da pista.	3
PUNTUACIÓN TOTAL		46



Dadas as diferentes características dos proxectos presentados e as necesidades de usos e acondicionamento de espazos do proxecto presentado por Club Deportivo As Brigantias Roller Derby A Coruña, a comisión considera que non existe a posibilidade de fusionar ambos proxectos.

En atención as consideracións anteriores, a comisión de valoración propón a adxudicación da cesión de uso de espazos no antigo cárcere provincial da Coruña a entidade Asociación Sociocultural Proxecto Cárcere, con NIF G70328356. A cesión tería como obxecto o desenvolvemento do proxecto presentado pola entidade, con suxeición ao establecido nas bases reguladoras da convocatoria.

En A Coruña a 3 de agosto de 2017

Ana Enríquez Campesino

Miguel Ángel Martín Fernández

Alberto Manuel Vázquez Aguilar



CONCELLERÍA DE PARTICIPACIÓN E INNOVACIÓN DEMOCRÁTICA

Asunto: Adxudicación da cesión de uso de espazos no antigo cárcere provincial da Coruña para o desenvolvemento de proxectos de dinamización cultural e sociocultural, mediante concorrencia competitiva

INFORME:

1º. Con data de 15 de xaneiro de 2017 formalizouse un convenio de colaboración entre o Concello da Coruña e a Sociedade de Infraestruturas e Equipamentos Penitenciarios, S.M.E. (SIEP) para a cesión do dereito de uso sobre a finca do antigo centro penitenciario provincial da Coruña. En virtude deste convenio, a SIEP cedeu con carácter gratuíto ao Concello da Coruña o dereito de uso das citadas instalacións por un período de dous anos, prorrogables anualmente por mutuo acordo das partes. O Concello da Coruña queda obrigado a destinar as instalacións a usos socio-comunitarios e á realización de actividades culturais.

Con este obxectivo redactáronse as *Bases reguladoras da convocatoria pública para a cesión de uso de espazos no antigo cárcere provincial da Coruña para o desenvolvemento de proxectos de dinamización cultural e sociocultural, mediante concorrencia competitiva*. A convocatoria ten como obxecto regular a cesión do uso de espazos no antigo centro penitenciario provincial da Coruña para o desenvolvemento de proxectos inclusivos de dinamización cultural e/ou sociocultural.

A través desta convocatoria preténdese contribuír á recuperación para o uso cidadán dun edificio de características singulares e importante valor simbólico, promover a posta en marcha de modelos innovadores de xestión independente e colaborativa e incrementar a oferta de programas de dinamización e socioculturais da cidade. Entre estes últimos, a convocatoria pon especial énfase naqueles destinados á recuperación da memoria histórica, o apoio e posta en valor dos novos creadores locais e a promoción de actividades que non teñen lugar noutros espazos da cidade con carácter regular.

2º. Por resolución da Concelleira de Participación e Innovación Democrática de data 18 de maio de 2017 aprobáronse as *Bases reguladoras da convocatoria pública para a cesión de uso de espazos no antigo cárcere provincial da Coruña para o desenvolvemento de proxectos de dinamización cultural e sociocultural, mediante concorrencia competitiva*, e ordenouse a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web municipal (<https://www.coruna.gal/>).

As citadas bases publicáronse no BOP o día 24-05-2017, abríndose un prazo de 45 días naturais para a presentación de solicitudes. Finalizado este prazo, presentáronse dúas solicitudes:

- Asociación Sociocultural Proxecto Cárcere
- Club Deportivo As Brigantias Roller Derby A Coruña

3º. Por resolución da Concelleira de Participación e Innovación Democrática de data 26 de xuño de 2017 designáronse como integrantes da Comisión para a valoración das ofertas presentadas á convocatoria, de conformidade co establecido na base 10ª da mesma ás



CONCELLERÍA DE PARTICIPACIÓN E INNOVACIÓN DEMOCRÁTICA

seguintes persoas adscritas ás áreas de Culturas, Edificación e Participación e Innovación Democrática:

- Miguel Ángel Martín Fernández, xefe do servizo de Cultura
- Alberto Manuel Vázquez Aguilar, xefe do servizo de Edificación
- Ana Enríquez Campesino, Técnica de Participación

4º. O 3 de agosto de 2017, a Comisión asina un informe coa valoración dos proxectos presentados polas solicitantes, de acordo cos criterios establecidos na convocatoria, no que figuran con detalle as motivacións e puntuacións desglosadas para cada unha das solicitudes, resultando as puntuacións seguintes:

- A Asociación Sociocultural Proxecto Cárcere obtivo 134 puntos
- Club Deportivo As Brigantias Roller Derby A Coruña obtivo 46 puntos

O referido informe, incorporado ao expediente, serve de motivación á presente proposta de adxudicación da cesión de uso de espazos no antigo cárcere provincial da Coruña para o desenvolvemento de proxectos de dinamización cultural e sociocultural á Asociación Sociocultural Proxecto Cárcere, nas condicións establecidas na convocatoria e na proposta presentada.

5º. O órgano competente para a adxudicación da cesión é a Concelleira Delegada de Participación e Innovación Democrática, de conformidade cos acordos de delegación da Xunta de Goberno, adoptados o día 30 de xuño de 2017 (BOP 13-7-2017).

En consecuencia, propónse a adopción da seguinte resolución:

Adxudicar provisionalmente a cesión de uso de espazos no antigo cárcere provincial da Coruña para o desenvolvemento de proxectos de dinamización cultural e sociocultural á Asociación Sociocultural Proxecto Cárcere, nas condicións establecidas na convocatoria e na proposta presentada pola entidade adxudicataria, de acordo co establecido na base 11.3 da convocatoria, outorgando ás entidades participantes no concurso un prazo de 10 días hábiles desde a publicación desta resolución na web municipal <https://www.coruna.gal/>, para presentar alegacións. No caso de non presentarse alegacións no citado prazo, esta adxudicación considerárase definitiva.

A Coruña, 6 de setembro de 2017

A xefa do Departamento de Xuventude
(Instrución de Servizo 1/2015 de encomenda
de tarefas en materia de participación cidadá)

Gloria Mª Díaz Crespo

Conforme,
A directora da Asesoría Xurídica

Marta Mª García Pérez

Anotada en el Libro de Resoluciones de
la Junta de Gobierno Local,
con el núm: RES/AYT/13530/2017
08/09/2017
El Oficial Mayor
F.O.



RESOLUCIÓN:

Á vista do informe-proposta precedente emitido pola xefa do departamento de Xuventude e conformado pola Directora da Asesoría Xurídica, e facendo uso das facultades que me confire a lexislación vixente e os acordos de delegación da Xunta de Goberno Local de data 30 de xuño de 2017 (BOP 13-7-2017):

RESOLVO:

Adxudicar provisionalmente a cesión de uso de espazos no antigo cárcere provincial da Coruña para o desenvolvemento de proxectos de dinamización cultural e sociocultural á Asociación Sociocultural Proxecto Cárcere, nas condicións establecidas na convocatoria e na proposta presentada pola entidade adxudicataria, de acordo co establecido na base 11.3 da convocatoria, outorgando ás entidades participantes no concurso un prazo de 10 días hábiles desde a publicación desta resolución na web municipal <https://www.coruna.gal/>, para presentar alegacións. No caso de non presentarse alegacións no citado prazo, esta adxudicación considerárase definitiva.

Como motivación a esta resolución transcríbese o informe proposta da xefa do departamento de Xuventude (con encomenda de tarefas en materia de participación) conformado pola Directora da Asesoría Xurídica de data 6-9-2017:

"Asunto: Adxudicación da cesión de uso de espazos no antigo cárcere provincial da Coruña para o desenvolvemento de proxectos de dinamización cultural e sociocultural, mediante concorrencia competitiva"

INFORME:

1º. Con data de 15 de xaneiro de 2017 formalizouse un convenio de colaboración entre o Concello da Coruña e a Sociedade de Infraestruturas e Equipamentos Penitenciarios, S.M.E. (SIEP) para a cesión do dereito de uso sobre a finca do antigo centro penitenciario provincial da Coruña. En virtude deste convenio, a SIEP cedeu con carácter gratuíto ao Concello da Coruña o dereito de uso das citadas instalacións por un período de dous anos, prorrogables anualmente por mutuo acordo das partes. O Concello da Coruña queda obrigado a destinar as instalacións a usos socio-comunitarios e á realización de actividades culturais.

Con este obxectivo redactáronse as Bases reguladoras da convocatoria pública para a cesión de uso de espazos no antigo cárcere provincial da Coruña para o desenvolvemento de proxectos de dinamización cultural e sociocultural, mediante concorrencia competitiva. A convocatoria ten como obxecto regular a cesión do uso de espazos no antigo centro penitenciario provincial da Coruña para o desenvolvemento de proxectos inclusivos de dinamización cultural e/ou sociocultural.

A través desta convocatoria preténdese contribuír á recuperación para o uso cidadán dun edificio de características singulares e importante valor simbólico, promover a posta en marcha de modelos innovadores de xestión independente e colaborativa e incrementar a oferta de programas de dinamización e socioculturais da cidade. Entre estes últimos, a convocatoria pon especial énfase naqueles destinados á recuperación da memoria histórica, o apoio e posta en valor dos novos creadores locais e a promoción de actividades que non teñen lugar noutros espazos da cidade con carácter regular.

2º. Por resolución da Concelleira de Participación e Innovación Democrática de data 18 de maio de 2017 aprobáronse as Bases reguladoras da convocatoria pública para a cesión de uso de espazos no antigo cárcere provincial da Coruña para o desenvolvemento de proxectos de dinamización cultural e sociocultural, mediante concorrencia competitiva, e ordenouse a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web municipal (<https://www.coruna.gal/>).

As citadas bases publicáronse no BOP o día 24-05-2017, abríndose un prazo de 45 días naturais para a presentación de solicitudes. Finalizado este prazo, presentáronse dúas solicitudes:

- Asociación Sociocultural Proxecto Cárcere
- Club Deportivo As Brigantías Roller Derby A Coruña

3º. Por resolución da Concelleira de Participación e Innovación Democrática de data 26 de xuño de 2017 designáronse como integrantes da Comisión para a valoración das ofertas presentadas á convocatoria, de conformidade co establecido na base 10ª da mesma ás seguintes persoas adscritas ás áreas de Participación e Innovación Democrática, Culturas e Edificación respectivamente:

- Ana Enríquez Campesino
- Miguel Ángel Martín Fernández
- Alberto Manuel Vázquez Aguilar

4º. O 3 de agosto de 2017, a Comisión asina un informe coa valoración dos proxectos presentados polas solicitantes, de acordo cos criterios establecidos na convocatoria, no que figura con detalle as motivacións e puntuacións desglosadas para cada unha das solicitudes, resultando as puntuacións seguintes:

- A Asociación Sociocultural Proxecto Cárcere obtivo 134 puntos
- Club Deportivo As Brigantías Roller Derby A Coruña obtivo 46 puntos

O referido informe, incorporado ao expediente, serve de motivación á presente proposta de adxudicación da cesión de uso de espazos no antigo cárcere provincial da Coruña para o desenvolvemento de proxectos de dinamización cultural e sociocultural á Asociación Sociocultural Proxecto Cárcere, nas condicións establecidas na convocatoria e na proposta presentada.

5º. O órgano competente para a adxudicación da cesión é a Concelleira Delegada de Participación e Innovación Democrática, de conformidade cos acordos de delegación da Xunta de Goberno, adoptados o día 30 de xuño de 2017 (BOP 13-7-2017).

En consecuencia, propónse a adopción da seguinte resolución:

Adxudicar provisionalmente a cesión de uso de espazos no antigo cárcere provincial da Coruña para o desenvolvemento de proxectos de dinamización cultural e sociocultural á Asociación Sociocultural Proxecto Cárcere, nas condicións establecidas na convocatoria e na proposta presentada pola entidade adxudicataria, de acordo co establecido na base 11.3 da convocatoria, outorgando un prazo de 10 días hábiles desde a publicación desta resolución na web municipal <https://www.coruna.gal/>, para presentar alegacións. No caso de non presentarse alegacións no citado prazo, esta adxudicación considerárase definitiva".

A Coruña, 08 SET. 2017

A Concelleira de Participación e
Innovación Democrática




Claudia Delso Carreira



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña
Intervención General
Intervención Xeral

INTERVENIDO
INTERVIDO

Non suxeito a fiscalización.
Sen contido económico



7.9.17